

A colección de Gustav Henningsen componse dun conxunto de 217 gravacións realizadas principalmente na comarca de Ordes entre 1964 e 1968. Se ben o obxecto do seu traballo de campo era a bruxería, Henningsen efectuou tamén rexistros doutras manifestacións orais, como contos ou música.

As bobinas orixinais foron dixitalizadas e depositadas polo autor no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela para o seu estudo e transcripción.

O ILG colaborou en 2015 co MPG na organización dunha exposición fotográfica de traballos do autor na comarca de Ordes. Algunhas destas fotografías ían acompañadas na propia exposición das gravacións sonoras correspondentes. Copias destas e do resto das gravacións constitúen o fondo cedido no 2016 para custodia e consulta con fins de investigación ao APOI.

NA COLECCIÓN PODEMOS ATOPAR

—Copias dos 217 CD de audio da colección Henningsen.

—Copia da base de datos asociada a cada un dos CD (e aos cortes neles realizados, no seu caso). Nela figuran os datos relativos a entrevistador, informantes, lugar e data de recollida, contexto da gravación, referencias e notas.

[15-01-2017]